

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE FOMENTO

**15357** *Real decreto 1238/2011, do 8 de setembro, polo que se regula o servizo de dirección na plataforma aeroportuaria.*

O Real decreto 862/2009, do 14 de maio, polo que se aproban as normas técnicas de deseño e operación de aeródromos de uso público e o Regulamento de certificación e verificación de aeroportos e outros aeródromos de uso público, incorpora ao ordenamento xurídico interno o anexo 14 ao Convenio internacional de aviación civil (Chicago 1944).

Entre as normas técnicas de deseño e operación de aeródromos de uso público, o anexo do citado Real decreto 862/2009, do 14 de maio, no seu volume I, número 9.5, regula o servizo de dirección na plataforma, establecendo que, cando o volume do tránsito e as condicións de operación o xustificuen, a dependencia de servizos de tránsito aéreo (ATS) do aeródromo, algunha outra autoridade de operación do aeródromo, ou en cooperación mutua entre ambas, deberían proporcionar un servizo de dirección na plataforma apropiado para: a) regulamentar o movemento e evitar colisións entre aeronaves e entre aeronaves e obstáculos; b) regulamentar a entrada de aeronaves e coordinar coa torre de control do aeródromo a súa saída da plataforma; e c) asegurar o movemento rápido e seguro dos vehículos e a regulamentación adecuada doutras actividades.

Neste sentido xa o Regulamento de circulación aérea, aprobado polo Real decreto 57/2002, do 18 de xaneiro, número 3.3.2, previu que se poida asignar a tarefa de proporcionar determinados servizos na plataforma a unha torre de control de aeródromo ou a unha dependencia separada. Recoñeciase desta forma que o servizo de dirección de plataforma é un servizo aeroportuario, que, non obstante, veu sendo prestado tradicionalmente polos servizos de tránsito aéreo de aeródromo.

A Lei 9/2010, do 14 de abril, pola que se regula a prestación de servizos de tránsito aéreo, detalla as obrigas dos provedores civís destes servizos e fixa determinadas condicións laborais para os controladores civís de tránsito aéreo, abunda no carácter de servizo aeroportuario do servizo de dirección na plataforma e expresamente sinala, no seu artigo 1.4, que as tarefas que non sexan propiamente de tránsito aéreo, como a dirección de plataforma, poderán ser realizadas directamente polo xestor da infraestrutura aeroportuaria ou ser encomendadas por este aos provedores civís de servizos de tránsito aéreo de aeródromo.

Neste contexto, é necesario fixar con claridade as condicións para a prestación do servizo de dirección na plataforma, completando o disposto nas normas técnicas de deseño e operación de aeródromos de uso público incorporadas ao anexo do Real decreto 862/2009, do 14 de maio, para garantir a operación segura das aeronaves nos movementos na plataforma.

Con este obxecto, este real decreto regula a organización e o persoal que presta servizos de dirección na plataforma, así como as funcións propias do servizo, as responsabilidades do xestor da infraestrutura aeroportuaria en relación coa provisión do servizo e a necesaria coordinación cos servizos de tránsito aéreo.

Este real decreto aborda o servizo que, tendo lugar na plataforma, ten por obxecto xestionar as actividades e movementos das aeronaves nela. Non afecta, por tanto, outros servizos, como os servizos de asistencia en terra de operacións en pista, entre os cales se encontran as actividades de guiado das aeronaves mediante sinaleiros ou vehículos, cuxa actividade, non obstante, será coordinada coa dirección na plataforma. Estes servizos continuarán rexéndose pola normativa que lles resulte de aplicación.

Por outra parte, conforme o previsto no capítulo III, sección 2.<sup>a</sup>, do Regulamento de certificación e verificación de aeroportos e outros aeródromos de uso público, aprobado polo Real decreto 862/2009, do 14 de maio, a xestión da plataforma debe figurar como

contido do manual do aeroporto ou do aeródromo de uso público. En consecuencia, este real decreto completa a regulación do dito manual, que aproba a Axencia Estatal de Seguridade Aérea no procedemento de certificación, establecendo que nel se debe incluír información sobre a localización, instalacións, servizos, sistemas e equipamento, procedementos operacionais, organización e administración, entre outros, da xestión da plataforma e da xestión da seguridade operacional da plataforma.

Este real decreto dítase en desenvolvemento das previsións que, en materia de ordenación aeroportuaria, recollen tanto a Lei 48/1960, do 21 de xullo, sobre navegación aérea, como a Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea.

Na tramitación deste real decreto contouse co parecer das comunidades autónomas e deuse audiencia ás organizacións do sector e ao Consello de Consumidores e Usuarios.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Fomento, coa aprobación previa do ministro de Política Territorial e Administración Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 8 de setembro de 2011,

DISPOÑO:

## CAPÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto e fins.*

Este real decreto ten por obxecto regular o servizo aeroportuario de dirección na plataforma e as condicións para a súa implantación co fin de garantir a operación segura das aeronaves nos seus movementos nas plataformas do aeroporto.

Así mesmo, este real decreto completa o contido do manual do aeroporto ou do aeródromo de uso público, en diante manual do aeroporto, no que afecta o servizo de dirección na plataforma.

#### Artigo 2. *Definicións.*

1. Para os efectos deste real decreto, enténdese por «áreas de responsabilidade do servizo de dirección na plataforma», as áreas formadas pola plataforma e as superficies determinadas polas liñas que guían a circulación en plataforma e de acceso aos postos de estacionamento, coas súas correspondentes superficies ou áreas de protección e que están fóra dos límites da área de manobras, segundo se estableza na correspondente carta operacional, que estará incluída no manual do aeroporto.

2. Ao resto dos conceptos utilizados neste real decreto seranlles aplicable as definicións contidas nas normas técnicas de deseño e operación de aeródromos de uso público e no Regulamento de certificación e verificación de aeroportos e outros aeródromos de uso público, aprobados polo Real decreto 862/2009, do 14 de maio.

#### Artigo 3. *Ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto aplicarase aos aeroportos civís.

2. Están excluídos do ámbito de aplicación deste real decreto as bases aéreas, as bases aéreas abertas ao tráfico civil, os aeródromos e heliportos militares e os aeródromos utilizados conxuntamente por unha base aérea e un aeroporto nos cales o Exército do Aire preste servizos de navegación aérea á circulación aérea xeral.

#### Artigo 4. *Normativa de aplicación supletoria.*

No non previsto neste real decreto respecto da actuación da Axencia Estatal de Seguridade Aérea será aplicable o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

## CAPÍTULO II

**Implantación do servizo de dirección na plataforma***Artigo 5. Obriga de dispor dun servizo de dirección na plataforma.*

1. O xestor da infraestrutura aeroportuaria está obrigado a establecer un servizo de dirección na plataforma cando o número de movementos anuais da infraestrutura aeroportuaria sexa superior a 250.000.

O xestor da infraestrutura aeroportuaria poderá decidir non implantar o servizo de dirección na plataforma en todas ou algunha das plataformas das ditas infraestruturas, cando un estudo aeronáutico de seguridade aceptado pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea determine que, atendendo ao volume de tráfico e ás condicións da operación, o dito servizo non resulta necesario ou apropiado para garantir a operación segura das aeronaves no aeródromo ou nalgunha das súas plataformas.

2. O estudo de seguridade será elaborado polo xestor da infraestrutura aeroportuaria e será presentado por este á Axencia Estatal de Seguridade Aérea para a súa aceptación. A solicitude poderase presentar nos lugares establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, así como na forma establecida na Lei 11/2007, do 22 de xuño.

Transcorrido o prazo máximo de dous meses desde a súa presentación sen que a Axencia Estatal de Seguridade Aérea emitise pronunciamento expreso, o estudo aeronáutico de seguridade entenderase aceptado.

3. As resolucións da Axencia Estatal de Seguridade Aérea relativas á aceptación do estudo aeronáutico de seguridade porán fin á vía administrativa nos termos previstos no artigo 4 do seu estatuto, aprobado polo Real decreto 184/2008, do 8 de febreiro.

*Artigo 6. Información aeronáutica.*

Previamente á posta en funcionamento do servizo de dirección na plataforma nunha infraestrutura aeroportuaria ou nalgunha das súas plataformas, débese proceder á publicación da dita posta en servizo na publicación de información aeronáutica (AIP) do servizo de información aeronáutica (AIS).

*Artigo 7. Plans de transición.*

1. O inicio da prestación do servizo de dirección na plataforma nunha infraestrutura aeroportuaria ou nalgunha das súas plataformas que non dispoñan do dito servizo, así como o cambio de provedor do servizo de dirección na plataforma, realizarase conforme o plan de transición do xestor da infraestrutura aeroportuaria.

Este plan de transición incluírá, polo menos, un estudo aeronáutico de seguridade que garanta a operación segura das aeronaves no aeródromo durante o período de transición e, nos supostos previstos no artigo 18.3, o programa alternativo de formación práctica na dependencia previsto no dito precepto.

2. O xestor da infraestrutura aeroportuaria solicitará á Axencia Estatal de Seguridade Aérea a aceptación do plan de transición. A solicitude poderase presentar nos lugares establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, así como na forma establecida na Lei 11/2007, do 22 de xuño.

3. No prazo dun mes desde a presentación do plan de transición, a Axencia Estatal de Seguridade Aérea deberase pronunciar, se é o caso, sobre a aceptación ou rexeitamento do programa alternativo de formación práctica na dependencia. Transcorrido o dito prazo sen se ter ditado resolución expresa, deberase entender denegada por silencio administrativo negativo a aceptación do dito programa, conforme a excepción prevista na disposición adicional vixésimo novena da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, para os procedementos de autorización de cursos de formación aeronáutica.

Aceptado o programa alternativo de formación práctica na dependencia, a Axencia Estatal de Seguridade Aérea deberase pronunciar sobre a aceptación ou rexeitamento do

resto do plan de transición, incluído o estudo de seguridade, no prazo dun mes desde a aceptación do mencionado programa alternativo.

Non obstante o previsto nos parágrafos anteriores, a Axencia Estatal de Seguridade Aérea poderá acordar nun só acto a aceptación ou rexeitamento da totalidade do plan de transición.

4. O prazo para resolver sobre a aceptación do plan de transición cando este non inclúa o programa alternativo de formación na dependencia será dun mes desde a súa solicitude.

5. Transcorrido o prazo previsto nos números 3, parágrafo segundo, e 4 sen que se emitise pronunciamento expreso da Axencia Estatal de Seguridade Aérea, o plan de transición ou a parte del sobre a que a Axencia non se tiver pronunciado conforme o previsto no citado número 3, parágrafo segundo, entenderase aceptado.

6. As resolucións da Axencia Estatal de Seguridade Aérea relativas á aceptación ou rexeitamento do programa alternativo de formación práctica na dependencia e do plan de transición poñen fin á vía administrativa, nos termos previstos no artigo 4 do seu estatuto, aprobado polo Real decreto 184/2008, do 8 de febreiro.

7. O provedor do servizo de dirección na plataforma que vaia ser substituído debe colaborar na execución do plan de transición.

## CAPÍTULO III

### Provisión do servizo de dirección na plataforma

#### Artigo 8. *Provedor do servizo.*

1. O servizo de dirección na plataforma poderá ser prestado directamente polo xestor da infraestrutura aeroportuaria, cos seus propios medios ou a través da contratación dun provedor de servizos de dirección na plataforma, ou polo provedor designado para a prestación de servizos de tránsito aéreo no aeródromo cando así se acordase co xestor da infraestrutura aeroportuaria.

Calquera que sexa o prestador do servizo de dirección na plataforma, a provisión do servizo axustarase ao disposto neste real decreto.

2. A prestación do servizo deberase axustar ás condicións que figuren nos procedementos correspondentes do manual do aeroporto.

#### Artigo 9. *Requisitos do provedor.*

1. O certificado do aeroporto ou a resolución favorable de verificación do aeródromo acredita a aptitude do xestor da infraestrutura aeroportuaria para a provisión do servizo de dirección da plataforma.

Para a provisión do servizo de dirección na plataforma polo xestor da infraestrutura aeroportuaria certificado ou verificado, cos seus propios medios, este deberá contar con persoal cualificado que reúna os requisitos previstos neste real decreto.

2. No resto dos supostos sinalados no artigo 8.1, os provedores de servizos de dirección na plataforma deberán contar con medios materiais e persoais suficientes e adecuados para o exercicio das funcións atribuídas a este servizo e, en todo caso:

- a) Cun sistema de xestión de seguridade, aceptado pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea.
- b) Con persoal cualificado que reúna os requisitos previstos neste real decreto.
- c) Cun seguro, aval bancario, fianza ou calquera garantía financeira prestada por unha entidade financeira debidamente rexistrada con cobertura suficiente para facer fronte á responsabilidade civil polos danos a terceiros en que puider incurrir na prestación do servizo.

Cando o servizo de dirección na plataforma sexa prestado por controladores de tránsito aéreo ou persoal AFIS que presten servizos de tránsito aéreo para o provedor

designado para a prestación destes servizos no aeródromo, entenderanse cumpridos, en todo caso, os requisitos establecidos nos artigos 14 a 19, ambos incluídos.

3. O provedor con que se contrate a prestación do servizo de dirección na plataforma, tamén cando este sexa prestado polo provedor de servizos de tránsito aéreo, presentará ao xestor da infraestrutura aeroportuaria, de forma electrónica ou presencial, unha declaración en que conste o cumprimento dos requisitos establecidos neste real decreto e a documentación acreditativa do dito cumprimento.

#### Artigo 10. *Funcións do servizo de dirección na plataforma.*

1. O servizo de dirección na plataforma garantirá o movemento seguro das aeronaves na súa área de responsabilidade, de acordo co establecido no manual do aeroporto, e desenvolverá as seguintes funcións:

a) Ordenar o movemento na área de responsabilidade do servizo de dirección na plataforma para evitar colisións entre aeronaves e entre aeronaves e obstáculos, incluídos os vehículos que circulen na área de responsabilidade do servizo de dirección na plataforma.

b) Ordenar a entrada de aeronaves na área de responsabilidade do servizo de dirección na plataforma, en coordinación co servizo de tránsito aéreo do aeródromo.

c) Ordenar o movemento das aeronaves ata a saída da área de responsabilidade do servizo de dirección na plataforma, en coordinación co servizo de tránsito aéreo do aeródromo.

d) Asegurar o movemento rápido, eficiente e seguro dos vehículos na área de responsabilidade do servizo de dirección na plataforma e o desenvolvemento ordenado do resto das actividades que se desenvolvan nela.

e) Subministrar servizos de dirección aos movementos na área de responsabilidade do servizo de dirección na plataforma, cumprindo os procedementos de coordinación e transferencia establecidos polo xestor da infraestrutura aeroportuaria e os incluídos no manual do aeroporto, e organizar os fluxos desde ou ata a posición de estacionamento.

f) Comunicar coas aeronaves, facilitar información ao piloto ao mando e xestionar as actividades e movementos das aeronaves na área de responsabilidade do servizo de dirección na plataforma.

g) Participar no plan de continxencia definido para o aeroporto, segundo lle corresponda.

h) Participar no plan de autoprotección definido para o aeroporto, segundo lle corresponda.

2. O servizo de dirección na plataforma deberá contar, así mesmo, con procedementos que aseguren a colaboración co xestor da infraestrutura aeroportuaria, ou con outras unidades do xestor da infraestrutura aeroportuaria, segundo sexa o caso; cos explotadores de aeronaves; cos servizos de asistencia en terra, en particular cos de abastecemento de combustible, asistencia de operacións en pista e catering, así como co provedor designado para a prestación de servizos de tránsito aéreo, segundo corresponda, en relación con todas aquelas actividades e procedementos que se lle atribúan no manual do aeroporto, en particular:

a) A asignación de postos de estacionamento.

b) A recollida e organización da información relativa ás horas de chegada/saída das aeronaves.

c) O estado de limpeza dos sinais pintados.

d) O estado de utilización dos sistemas e luces de guía.

e) A alerta aos usuarios de plataformas acerca dos riscos derivados dos fluxos de motores de reacción e das estelas de hélices.

Estes procedementos incluíranse no manual do aeroporto conforme o previsto no anexo III.

## CAPÍTULO IV

### **Obrigas do xestor da infraestrutura aeroportuaria e dos usuarios do servizo de dirección na plataforma**

#### *Artigo 11. Obrigas do xestor da infraestrutura aeroportuaria.*

1. O xestor da infraestrutura aeroportuaria é o responsable de asegurarse do cumprimento dos requisitos establecidos neste real decreto, e en especial das seguintes obrigas:

a) Delimitar as áreas de responsabilidade do servizo de dirección na plataforma e establecer, en colaboración co provedor de servizos de tránsito aéreo do aeródromo, o procedemento de autorizacións e transferencia de aeronaves desde o ámbito de responsabilidade dos respectivos servizos, así como coordinar todos os servizos integrados na plataforma, asegurándose de que se observen estritamente as normas existentes.

Os procedementos para a coordinación entre os servizos de tránsito aéreo de aeródromo e os de dirección na plataforma recollerán os planos de delimitación física das áreas de manobras do aeroporto e das áreas de responsabilidade da plataforma.

b) Ademais, o xestor da infraestrutura aeroportuaria debe dispor dos medios e establecer os procedementos que sexan necesarios para garantir:

1.º A seguridade e continuidade do servizo, así como do mantemento dos requisitos establecidos neste real decreto para a provisión do servizo.

2.º O seguimento e a avaliación continuada das actividades do servizo de forma que permita detectar as tendencias en relación coa seguridade operacional.

3.º A execución das accións preventivas oportunas que deriven do dito seguimento.

4.º A análise de incidencias na prestación do servizo que afecte a seguridade operacional e aplicar as medidas que se evidencian como necesarias para previr futuras incidencias do mesmo tipo.

5.º O coñecemento e exercicio polo persoal que preste servizos de dirección na plataforma das responsabilidades concretas que teña asignadas, en particular aquelas que afecten a seguridade operacional.

2. Cando o servizo de dirección na plataforma o preste unha organización contratada polo xestor da infraestrutura aeroportuaria para tal efecto, o xestor da infraestrutura aeroportuaria deberase asegurar de que cumpre os requisitos establecidos no artigo 9.2 e asignarlle claramente as competencias e funcións que deberá desenvolver de acordo co previsto neste real decreto.

#### *Artigo 12. Sistema de xestión de seguridade do aeroporto.*

No sistema de xestión de seguridade operacional, o xestor da infraestrutura aeroportuaria con servizo de dirección na plataforma deberá:

a) Prever as inspeccións destinadas a verificar a adecuación do servizo de dirección na plataforma para a preservación da seguridade operacional.

b) Incluír auditorías de seguridade, destinadas a comprobar a conformidade das actividades específicas de xestión de seguridade respecto aos procedementos correspondentes recollidos no manual do aeroporto.

c) Prever as accións preventivas e correctivas oportunas que deriven das inspeccións e auditorías de seguridade.

d) Prever a notificación á Axencia Estatal de Seguridade Aérea polo persoal do servizo de dirección na plataforma dos sucesos na aviación civil dos cales teña coñecemento no exercicio das súas funcións ou actividades.

*Artigo 13. Obrigas dos usuarios do servizo de dirección na plataforma.*

Na área de responsabilidade do servizo de dirección na plataforma, os pilotos ao mando das aeronaves e as demais persoas con medios de comunicación co servizo de dirección na plataforma e involucradas nas operacións de plataforma deberán atender, en canto proceda, á información facilitada polo persoal que presta o servizo de dirección na plataforma no exercicio das súas funcións e cumprimento dos regulamentos e procedementos relativos á seguridade.

O resto de usuarios involucrados nas operacións na área de responsabilidade do servizo de dirección na plataforma deberán coñecer e observar todos os regulamentos e normas que rexan na dita área.

## CAPÍTULO V

### **Persoal do servizo de dirección na plataforma**

*Artigo 14. Requisitos do persoal do servizo de dirección na plataforma.*

O persoal que preste o servizo de dirección na plataforma deberá ter 18 anos cumpridos e estar en posesión do título de bacharelato ou dun título que permita o acceso á universidade ou equivalente, e acreditar o resto dos requisitos establecidos neste capítulo.

*Artigo 15. Aptitude psicofísica.*

1. O persoal que preste servizos de dirección na plataforma deberá ser titular dun certificado de aptitude psicofísica en vigor que acredite, como mínimo, a capacidade psicofísica establecida no anexo II, expedido por un centro médico aeronáutico ou un médico examinador autorizado pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea conforme o réxime establecido ao respecto, actualmente previsto na Orde FOM/2157/2003, do 18 de xullo, pola que se determinan os requisitos e o procedemento para a designación e autorización dos centros médico-aeronáuticos e dos médicos examinadores.

2. O certificado de aptitude psicofísica terá unha eficacia máxima de dous anos, e deberá procederse á súa renovación antes da finalización do prazo de eficacia.

*Artigo 16. Competencia lingüística.*

1. O persoal que preste servizos de dirección na plataforma deberá ter, polo menos, un nivel de idioma operacional (4), en inglés e castelán, da escala de cualificación de competencia lingüística da OACI, incorporada como anexo I á Orde FOM/896/2010, do 6 de abril, pola que se regula o requisito de competencia lingüística e a súa avaliación.

2. Os requisitos, eficacia, avaliación e certificación do nivel de competencia lingüística do persoal do servizo de dirección na plataforma será o establecido en materia de competencia lingüística e a súa avaliación, actualmente regulado na Orde FOM/896/2010, do 6 de abril.

*Artigo 17. Formación inicial.*

O persoal que preste servizos de dirección na plataforma deberá estar en posesión dun certificado en que se acredite que se superou satisfactoriamente un curso de formación inicial, teórica e práctica, aceptado pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea segundo os requisitos mínimos establecidos no anexo I. O certificado será expedido polo centro de formación inicial que impartise o curso.

O curso de formación inicial, teórica e práctica, deberá prever a validación da formación teórica ou práctica obtida polos profesionais aeronáuticos de conformidade coa normativa aplicable para a obtención dos respectivos títulos ou licenzas. Tal é o caso, entre outros, dos titulares de licenzas de alumno controlador de tránsito aéreo ou pilotos, persoal AFIS e técnicos e coordinadores de operacións.

## Artigo 18. *Formación na dependencia.*

1. O persoal que preste servizos de dirección na plataforma, ademais de estar en posesión do certificado previsto no artigo 17, deberá ter superado satisfactoriamente a formación, teórica e práctica, na dependencia do aeroporto en que se deba subministrarse o servizo de dirección na plataforma.

2. A formación práctica na dependencia requirirá a prestación de servizos en prácticas baixo a supervisión de persoal en activo que preste servizos de dirección na plataforma no aeroporto, que determinará a aptitude do alumno para o exercicio das súas funcións no servizo de dirección na plataforma.

A formación práctica axustarase ás condicións do aeródromo e, en ningún caso, será inferior a 20 horas de servizo, nun período non inferior a 7 días nin superior a 15 días.

3. No caso de inicio das operacións e, excepcionalmente, para o caso de cambio do provedor, cando o novo provedor non dispoña de persoal formado ou o dito persoal non poida adquirir a formación práctica conforme o previsto no punto anterior, no plan de transición previsto no artigo 7 o provedor do servizo de dirección na plataforma que vaia prestar o servizo deberá propor á Axencia Estatal de Seguridade Aérea unha alternativa á formación práctica na dependencia prevista no número 2.

A aceptación ou rexeitamento do programa alternativo da formación práctica na dependencia rexeráse polo disposto no artigo 7.

## Artigo 19. *Formación continuada.*

1. O provedor do servizo de dirección na plataforma garantirá a formación continuada do persoal que presta o dito servizo, asegurando, polo menos cada catro anos, que este persoal recibe un curso de actualización.

2. A formación continuada poderá ser realizada polo propio provedor de servizos de dirección na plataforma ou por un centro de formación inicial.

3. Tanto os profesores e avaliadores de formación continuada como os cursos de actualización deberán ser aceptados pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea.

## Artigo 20. *Perda de aptitude psicofísica.*

1. O provedor do servizo de dirección na plataforma garantirá o cumprimento permanente por parte do seu persoal dos requisitos establecidos neste real decreto. En particular, non permitirá que o persoal do servizo de dirección na plataforma exerza as súas funcións cando existan indicios razoables de diminución da capacidade psicofísica ou cando se encontre baixo os efectos dalgunha substancia psicoactiva, alcohol ou algún medicamento que lle puiden impedir exercer tales funcións de maneira correcta e segura.

2. Así mesmo, os provedores do servizo de dirección na plataforma establecerán procedementos adecuados para tratar os casos de redución da capacidade psicofísica, que permitan ao persoal do servizo de dirección na plataforma notificar que se deu conta dunha diminución da dita capacidade, ou que se encontra baixo os efectos dalgunha substancia psicoactiva ou algún medicamento que lle puiden impedir exercer as súas funcións de maneira correcta e segura.

## CAPÍTULO VI

### Provedores de formación inicial

## Artigo 21. *Requisitos dos centros de formación inicial.*

1. Os provedores de formación deberán dispor:

a) Dos medios materiais necesarios para a realización das súas funcións, tales como aulas, simuladores e oficinas para levar a cabo de forma satisfactoria os cursos de formación previstos.



- b) De persoal suficiente e competente para planificar e levar a cabo a formación inicial, teórica e práctica, e as súas correspondentes avaliacións.
- c) Dos medios necesarios para o rexistro e almacenamento dos documentos de formación e avaliación, se for caso, en formato electrónico.
- d) Dun programa de formación ao cal se incorporen os cursos de formación inicial aceptados pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea.
- e) Dun sistema de calidade.
- f) Dun manual de instrución.

2. Os interesados na provisión de servizos de formación deberán presentar ante a Axencia Estatal de Seguridade Aérea unha declaración responsable do cumprimento dos requisitos establecidos neste artigo, de conformidade co previsto no artigo 71 bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Para iniciar a actividade, a declaración responsable deberase presentar ante a Axencia Estatal de Seguridade Aérea unha vez aceptados os cursos de formación inicial e os profesores e avaliadores de formación inicial.

#### Artigo 22. *Profesores e avaliadores de formación inicial.*

1. Os interesados na provisión de formación do persoal do servizo de dirección na plataforma deberán solicitar a aceptación dos profesores e avaliadores de formación inicial á Axencia Estatal de Seguridade Aérea.

O prazo para resolver será de tres meses desde a data de solicitude. Transcorrido este prazo sen que se ditase resolución expresa, a solicitude deberase entender estimada por silencio administrativo.

A aceptación dos profesores ou avaliadores de formación inicial producirase antes de solicitar o inicio da actividade conforme o disposto no artigo 21.2 e, posteriormente, deberá solicitarse a aceptación cada vez que se incorporen novos profesores ou avaliadores.

2. Para adoptar a resolución o órgano competente terá en conta a experiencia profesional e formación acreditada, para cuxo efecto, xunto coa solicitude de aceptación, se remitirá o currículo de cada un dos candidatos propostos e a documentación acreditativa que corresponda.

3. As resolucións da Axencia Estatal de Seguridade Aérea poñen fin á vía administrativa nos termos previstos no artigo 4 do seu estatuto, aprobado polo Real decreto 184/2008, do 8 de febreiro.

4. O provedor de formación incluírá no manual de instrución os procedementos que aseguren que os profesores de formación inicial cumpren os requisitos establecidos neste real decreto e alcanzan e manteñen a cualificación e experiencia exixida para a formación que, en cada caso, vaian impartir.

#### Artigo 23. *Aceptación dos cursos de formación inicial.*

1. Os cursos de formación inicial, teórica e práctica, terán como mínimo o contido previsto no anexo I, e os interesados deberán solicitar a súa aceptación á Axencia Estatal de Seguridade Aérea.

O prazo para resolver será dun mes desde a data de solicitude. Transcorrido este prazo sen que se ditase resolución expresa, a solicitude deberase entender desestimada por silencio administrativo negativo, conforme a excepción prevista na disposición adicional vixésimo novena da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

A aceptación dos cursos producirase antes da presentación da declaración responsable conforme o previsto no artigo 21.2 e, posteriormente, deberase solicitar a aceptación cada vez que se introduzan modificacións nos cursos aceptados ou se deseñen outros específicos.

2. Para a adopción da resolución, o órgano competente terá en conta o programa de formación do centro e os recursos técnicos e humanos que o centro utilice para impartilos.

3. As resolucións da Axencia Estatal de Seguridade Aérea poñen fin á vía administrativa nos termos previstos no artigo 4 do seu estatuto, aprobado polo Real decreto 184/2008, do 8 de febreiro.

4. O provedor de formación incluírá no manual de instrución os procedementos que aseguren que os cursos de formación inicial cumpren os requisitos establecidos neste real decreto.

Artigo 24. *Rexistro dos certificados de formación inicial e das avaliacións.*

Os centros de formación teñen o deber de rexistrar e custodiar un exemplar dos certificados que expidan e das avaliacións realizadas, o que poderán realizar tamén en formato electrónico, sempre que se asegure a autenticidade da documentación.

## CAPÍTULO VII

### **Descrición do servizo de dirección da plataforma no manual do aeroporto e entidades colaboradoras**

Artigo 25. *Descrición do servizo no manual do aeroporto.*

1. As condicións de prestación do servizo de dirección de plataforma deberán figurar no manual do aeroporto conforme o réxime establecido na regulación do dito manual contida, actualmente, no capítulo III, sección 2.<sup>a</sup>, do Regulamento de certificación e verificación de aeroportos e outros aeródromos de uso público, aprobado polo Real decreto 862/2009, do 14 de maio.

2. Na descrición do servizo deberase incluír a información que figura no anexo III.

Artigo 26. *Entidades colaboradoras.*

De conformidade co previsto no artigo 25 da Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea, a Axencia Estatal de Seguridade Aérea poderá levar a cabo as actuacións encomendadas nos artigos 17, 19 e 21 a 23, ambos incluídos, a través de entidades colaboradoras autorizadas para tal fin.

O réxime de reclamación e recurso fronte ás actuacións das entidades colaboradoras será o previsto no artigo 26.5 da Lei 21/2003, do 7 de xullo.

Disposición transitoria primeira. *Normas transitorias sobre persoal.*

1. Conforme o procedemento previsto no artigo 23, a Axencia Estatal de Seguridade Aérea poderá aceptar a formación inicial, teórica e práctica, recibida con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto, cando conste acreditado que os módulos impartidos garanten o contido mínimo previsto no anexo I.

Nestes casos, o certificado previsto no artigo 17 poderá ser substituído por un certificado expedido polo responsable da formación impartida con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto, en que conste a superación da dita formación.

2. O requisito de titulación académica establecido no artigo 14 non será exigible aos técnicos e coordinadores de operacións que presten servizos no aeroporto cando acrediten unha experiencia de polo menos un ano no desempeño das súas funcións, con carácter previo ao inicio do curso de formación inicial previsto neste real decreto, sempre que:

a) As funcións do servizo de dirección na plataforma se vaian desempeñar no mesmo aeroporto en que estean prestando servizos como técnicos e coordinadores de operacións.

b) O servizo de dirección na plataforma sexa prestado polo propio xestor da infraestrutura aeroportuaria.

Disposición transitoria segunda. *Normas transitorias sobre a implementación do servizo de dirección na plataforma.*

1. En todas ou nalgunhas das plataformas dos aeroportos obrigados a dispor dun servizo de dirección na plataforma, conforme o previsto no artigo 5, a actividade na plataforma poderá seguir sendo ordenada polo provedor de servizos de tránsito aéreo de aeródromo nos termos en que se viña realizando con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto, durante o ano seguinte á dita entrada en vigor.

2. Os xestores das infraestruturas aeroportuarias que, conforme o previsto no réxime transitorio do Real decreto 862/2009, do 14 de maio, non fosen certificados ou verificados no momento da entrada en vigor deste real decreto, poderán prestar o servizo de dirección na plataforma cos seus propios medios ata que conforme as ditas disposicións deban ser certificados ou verificados, sempre que acrediten o resto dos requisitos exixidos neste real decreto.

Salvo o sinalado no parágrafo anterior, ao réxime de prestación do servizo de dirección na plataforma previsto neste real decreto non lle é aplicable o réxime transitorio previsto no Real decreto 862/2009, do 14 de maio.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Regulamento de certificación e verificación de aeroportos e outros aeródromos de uso público.*

Este real decreto completa o réxime e contido do manual do aeroporto, modificando neste sentido o establecido no capítulo III, sección 2.<sup>a</sup>, artigos 12 a 14, do Regulamento de certificación e verificación de aeroportos e outros aeródromos de uso público, aprobado polo Real decreto 862/2009, do 14 de maio.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia exclusiva que lle atribúe ao Estado o artigo 149.1.20.<sup>a</sup> da Constitución en materia de control do espazo aéreo, tránsito e transporte aéreo.

Disposición derradeira terceira. *Habilitación normativa.*

Habílitase o ministro de Fomento para desenvolver o previsto neste real decreto, así como para modificar o contido do anexo III.

Disposición derradeira cuarta. *Circulares aeronáuticas e resolucións de aplicación.*

1. Habílitase o director xeral de Aviación Civil, de conformidade co procedemento e cos límites previstos no artigo 8 da Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea, para modificar mediante circular aeronáutica:

a) O contido dos anexos I e II para mantelos actualizados de acordo coas recomendacións e prescricións internacionais.

b) As condicións para a renovación do certificado de aptitude psicofísica que establece o artigo 15.2.

2. Así mesmo, autorízase a Axencia Estatal de Seguridade Aérea para sinalar:

a) Os criterios para a aceptación dos profesores e avaliadores de formación continuada así como do curso de actualización de acordo co artigo 19.1.

b) O contido do sistema de calidade e do manual de instrución previstos no artigo 21.1, alíneas e) e f).

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 8 de setembro de 2011.

JUAN CARLOS R.

El Ministro de Fomento,  
JOSÉ BLANCO LÓPEZ

## ANEXO I

### **Plan de formación inicial para o persoal que preste o servizo de dirección na plataforma**

O plan de formación inicial estruturarase en, polo menos, 11 módulos, cuxo contido mínimo se detalla a continuación:

#### Módulo 1. *Aspectos xerais*

Procedementos de tránsito aéreo pertinentes ás operacións de aeródromo (Regulamento da circulación aérea).

Coñecementos básicos de ATFM.

Introdución ao servizo de dirección na plataforma.

Descrición e tarefas.

Características de aeronaves; identificación de tipos de aeronaves e liñas aéreas.

Nocións de meteoroloxía.

Acordos operativos e procedementos estándar de operación para a cooperación entre a dirección na plataforma e a torre de control de tráfico aéreo.

Prioridades de tráfico na plataforma: aeronaves, equipos, vehículos.

Acordos operativos e procedementos operativos estándar respecto ao remolcado.

Servizos de navegación aérea. Publicacións de información aeronáutica.

#### Módulo 2. *Procedementos de rodaxe para avións en chegadas*

Procedementos de transferencia de tráfico.

Instrucións de rodaxe.

Procedementos de rodaxe.

Posicións de parada finais.

#### Módulo 3. *Procedementos de rodaxe para avións en saídas*

Posta en marcha de motores.

Retroceso.

Instrucións de rodaxe.

Comezo da rodaxe.

Procedementos de transferencia de tráfico.

#### Módulo 4. *Comunicación e fraseoloxía.*

Fraseoloxía en comunicacións radiotelefónicas.

Comunicación con ATCT (TWR).

Comunicación por radio con aeronaves.

Outras comunicacións na plataforma.

#### Módulo 5. *Emerxencias e incidentes.*

Factores humanos.

Emerxencias de aeronaves.

Incidentes de aeronaves na plataforma.

Outros incidentes.

#### Módulo 6. *Equipamentos.*

Sistemas de TI.

Sistemas de comunicación.

Sistemas de vixilancia, tales como CCTV.

Sistemas de reserva.

## Módulo 7. *Seguridade operacional.*

Conceptos básicos da seguridade operacional.  
Sistema de seguridade operacional dun aeroporto.

## Módulo 8. *Asignación de recursos.*

Posicións de estacionamento.  
Caracterización do tráfico do aeroporto.  
Portas de embarque.  
Situacións de «non dispoñibilidade» de portas e posicións de estacionamento.

## Módulo 9. *Asistencia en terra*

Regulamentos para os servizos de asistencia en terra.  
Apoio para a asistencia en terra.  
Coordinación de demandas especiais da asistencia en terra.

## Módulo 10. *Varios*

Procedementos e regulamentos locais do aeroporto.  
Plan de autoprotección local.  
Procedementos locais de transferencia e carta de acordo.

## Módulo 11. *Dereito aeronáutico*

Introdución.  
Organizacións internacionais.  
Organizacións nacionais.  
Lexislación nacional e internacional.

## ANEXO II

### **Condicións de capacidade psicofísica para a valoración de aptitude do persoal do servizo de dirección en plataforma**

#### 1. *Capacidade visual*

##### 1.1 Agudeza visual:

Débese posuír, con ou sen corrección óptica, unha agudeza visual de lonxe de polo menos, 0,8 e 0,5 para o ollo con mellor e con peor agudeza, respectivamente. Se se precisa corrección con lentes, a potencia destes non poderá exceder as  $\pm 8$  dioptrías.

Non se admite a visión monocular.

Débese posuír, con ou sen corrección óptica, unha agudeza visual capaz de ver a unha distancia entre 50 cm e 1 m.

Débese posuír, con ou sen corrección óptica, unha agudeza visual próxima que permita ver a unha distancia entre 25 e 50 cm.

En caso de cirurxía refractiva, esta só se admitirá se o erro de refracción que se intenta corrixir non supera as 10 dioptrías, e transcorridos seis meses desde a intervención. Requirirase informe médico da dita intervención. Despois da cirurxía o candidato debe alcanzar a agudeza visual marcada no punto 1.1.

Permítese a utilización de lentes de contacto, a condición de que non sexan lentes de contacto coloreadas nin fotocromáticas. Quedan autorizadas as lentes de contacto provistas de filtro ultravioleta.

De precisar dispositivos correctores para alcanzar a agudeza visual requirida, deberá dispor sempre dun recambio.

- 1.2 Campo visual: débese posuír un campo visual binocular completo.
- 1.3 Afaquias e pseudoafaquias: non se admiten as monolaterais nin as bilaterais.
- 1.4 Sentido luminoso: non deben existir alteracións na capacidade de recuperación ao cegamento.
- 1.5 Motilidade palpebral: non se admiten ptoses nin lagoftalmías que afecten a visión nos límites e condicións sinaladas nos números 1.1 e 1.2 correspondentes.
- 1.6 Motilidade do globo ocular: non se admiten diplopías, nistagmos, nin estrabismos.
- 1.7 Deterioración progresiva da capacidade visual: non se admiten.
- 1.8 Discromatopsia, daltonismo: non se admiten alteracións da visión cromática.
- 1.9 Outras patoloxías ou anomalías oculares non admitidas: retinopatía, retinose pigmentaria, hemeralopía, hemianopsia, glaucoma, subluxación do cristalino, distrofia corneal, queratite crónica, alteracións oculomotoras, dacriocistites crónicas, tumores oculares e calquera patoloxía (progresiva ou non) ou defecto que impida a protección do ollo á intemperie.

## 2. Capacidade auditiva

- 2.1 Agudeza auditiva conversacional: a agudeza auditiva conversacional será medida segundo normas P.G.B. (perda global binaural). Non se admitirá unha diminución auditiva en ningún dos oídos, avaliados por separado, superior a 20 dB nas frecuencias 500, 1000 e 2000 hercios.
- 2.2 Trauma acústico: trauma acústico ou xordeira profesional: non se admitirán perdas maiores a 35 decibelios na frecuencia 4000 hercios unha vez descontada a perda normal para a idade segundo as normas E.L.I. (Early Loss Index).
- 2.3 Uso de audífono: non se admitirá audífono ou prótese auditiva.
- 2.4 Outras patoloxías O.R.L. non admitidas:
  - Vertixe.
  - Perforación timpánica crónica.
  - Dificultades na fonación.
  - Outra patoloxía que desaconselle a exposición ao ruído.

## 3. Sistema locomotor

- 3.1 Estado anatómico e funcional: non se admitirán enfermidades ou lesións do aparello locomotor que limiten a correcta execución das tarefas desta ocupación.

## 4. Trastornos hematolóxicos

- 4.1 Procesos oncohematolóxicos: non se admiten.
- 4.2 Trastornos non oncohematolóxicos: non se admiten: anemias, leucopenias nin trombopenias severas ou moderadas.
- 4.3 Trastornos de coagulación: non se admiten trastornos de coagulación que requiran tratamento substitutivo habitual.
- 4.4 Tratamento anticoagulante: non se admite.

## 5. Sistema renal

- 5.1 Nefropatías: non se admiten a insuficiencia renal crónica, as enfermidades renais evolutivas ou as enfermidades que requiran diálise.
- 5.2 Transplante renal: non se admite o transplante renal.

## 6. Sistema respiratorio

- 6.1 Dispneas: non deben existir dispneas a esforzos moderados, nin paroxísticas de calquera etiología.

6.2 Trastornos do sono: non se permiten a síndrome de apnea obstrutiva do sono, os trastornos relacionados con este, nin outras causas de excesiva somnolencia diúrna.

6.3 Outras afeccións: non debe padecer EPOC (enfermidade pulmonar obstrutiva crónica), asma bronquial, atelectasia, enfisema, pneumotórax nin tuberculose pulmonar activa.

Outros procesos respiratorios que incidan negativamente nas tarefas específicas da ocupación.

### 7. *Enfermidades metabólicas e endócrinas*

7.1 Diabetes mellitus: non debe existir diabetes mellitus insulino-dependente. Tampouco debe existir diabetes mellitus non insulino-dependente inestable e/ou mal controlada.

7.2 Cadros de hipoglicemia: non deben existir, no último ano, cadros de hipoglicemia aguda nin alteracións metabólicas que cursen con perda de conciencia.

7.3 Enfermidades tiroideas: non deben existir hipertiroidismos complicados con síntomas cardíacos ou neurolóxicos nin hipotiroidismos sintomáticos.

7.4 Enfermidades paratiroideas: non deben existir enfermidades paratiroideas que ocasionen incremento de excitabilidade ou debilidade muscular.

### 8. *Sistema cardiovascular*

Para efectos de valorar a capacidade funcional, utilizarase a clasificación da New York Heart Association en niveis ou clases de actividade física da persoa obxecto da exploración. Na clase funcional I inclúense aquelas persoas cuxa actividade física habitual non está limitada e non ocasiona fatiga, palpitacións, dispnea ou dor anxinosa. Na clase funcional II inclúense aquelas cuxa actividade física habitual está moderadamente limitada e orixina sintomatoloxía de fatiga, palpitacións, dispnea ou dor anxinosa. Na clase III, existe unha marcada limitación da actividade física habitual, ao aparecer fatiga, palpitacións, dispnea ou dor anxinosa tras unha actividade menor da habitual. A clase IV supón a imposibilidade de desenvolver calquera actividade física sen a aparición de síntomas en repouso.

8.1 Insuficiencia cardíaca: non se admite insuficiencia cardíaca mal controlada.

8.2 Trastornos do ritmo: non se admite ningunha alteración do ritmo.

8.3 Marcapasos e desfibrilador automático implantable: non se admiten marcapasos nin desfibrilador automático implantado.

8.4 Próteses valvulares cardíacas: non se admiten próteses valvulares cardíacas.

8.5 Cardiopatía isquémica: non se admiten antecedentes de infarto agudo de miocardio, nin anxina de peito.

8.6 Hipertensión arterial:

Non se admite a cirurxía de revascularización nin a revascularización percutánea.

Non se admite ningunha cardiopatía isquémica que orixine sintomatoloxía correspondente a unha clase funcional II, III ou IV.

Non se admiten valores de presión arterial superior a 150 mm de Hg de presión sistólica, nin de 90 mm de Hg de presión diastólica, nin signos de afección orgánica que supoñan risco para a realización das tarefas da súa ocupación.

8.7 Aneurismas de grandes vasos: non se admiten aneurismas de grandes vasos, nin disección aórtica.

### 9. *Sistema nervioso e muscular*

9.1 Enfermidades encefálicas, medulares e do sistema nervioso periférico. Non se admiten enfermidades do sistema nervioso central ou periférico que produzan perda ou



diminución grave das funcións motoras, sensoriais ou de coordinación, episodios sincopais, tremores de grandes oscilacións, espasmos que produzan movementos amplos de cabeza, tronco ou membros, nin tremores ou espasmos. Non se admiten párkinson, corea ou balismo, esclerose múltiple nin ataxia.

9.2 Epilepsias e crises convulsivas doutras etioloxías: non se admiten.

9.3 Alteracións do equilibrio: non se admiten alteracións do equilibrio (vertixes, inestabilidade, mareo, vaído) de repetición.

9.4 Accidente isquémico transitorio ou recorrente: non se admiten.

#### 10. *Psiquiatría*

10.1 Enfermidades mentais: non se admite ningunha enfermidade mental, nin diagnósticos clínicos de ningunha enfermidade ou trastorno psiquiátrico, agudo ou crónico, conxénito ou adquirido, que poida interferir no exercicio seguro das funcións/ tarefas da ocupación.

10.2 Outros trastornos mentais non incluídos no punto anterior:

Non se admiten trastornos do ánimo, dissociativos, do sono de orixe non respiratoria, do control dos impulsos, de personalidade, os de déficit de atención e comportamento perturbador.

Outros: claustrofobia, agorafobia, trastornos adaptativos e outros problemas.

#### 11. *Trastornos relacionados con substancias*

11.1 Alcohol: non se admite o abuso nin dependencia de alcohol, nin trastornos inducidos por este.

11.2 Drogas: non se admite o consumo nin dependencia de drogas, nin trastornos inducidos por elas.

11.3 Medicamentos:

Non se admite o consumo habitual de medicamentos que produzan efectos adversos na capacidade de realizar as funcións da súa ocupación.

Non se admite o abuso de medicamentos.

Non se admite a dependencia a medicamentos que supoñan a redución das capacidades do traballador para a realización correcta e segura das súas funcións.

#### 12. *Psicoloxía e aptitude perceptivo-motora*

A avaliación psicolóxica debe ser xenérica e pode incluír os antecedentes médicos, os antecedentes de acontecementos vitais e as probas de aptitude, ademais das probas de personalidade e a entrevista psicolóxicas. Requírese ditame do especialista correspondente.

12.1 Estimación do movemento: non se admite ningunha alteración que limite a capacidade para adecuarse con seguridade ás tarefas desta ocupación que requiran estimacións de relacións espacio-temporais.

12.2 Coordinación visomotora: non se admiten alteracións que supoñan a incapacidade para adaptarse adecuadamente ao mantemento de traxectorias establecidas.

12.3 Tempo de reaccións múltiples: non se admiten alteracións graves na capacidade de discriminación ou nos tempos de resposta.

12.4 Intelixencia práctica: non se admiten casos en que a capacidade de organización espacial resulte inadecuada para a realización das funcións desta ocupación.

12.5 Cognitiva: non se admiten alteracións da atención, concentración, memoria, razoamento, percepción e comunicación que poidan afectar a realización correcta e segura das súas funcións.

12.6 Psicomotora: non se admiten alteracións no tempo de reacción e coordinación psicomotora que poidan afectar a realización correcta e segura das súas funcións.

12.7 Comportamento-personalidade: non se admiten alteracións na valoración de: autocontrol emocional, fiabilidade comportamental, responsabilidade, psicopatoloxía, autonomía, superación das cargas intensas de traballo, capacidade de resposta ante situacións de estrés (superación do aburrimiento, capacidade de relaxación tras o traballo, control da ansiedade e da cólera, capacidade de control ante situacións críticas).

### 13. *Aparello dixestivo*

13.1 Enfermidades do aparello dixestivo: non se admitirán enfermidades ou lesións do aparello locomotor que limiten a correcta execución das tarefas desta ocupación.

### 14. *Outras causas non especificadas*

14.1 Outras causas non especificadas anteriormente: non se admite calquera outra enfermidade ou deficiencia non mencionada nos puntos anteriores que poida supor unha incapacidade funcional para o desenvolvemento do seu traballo ou que comprometa o nivel de seguridade con que se debe desenvolver este.

## ANEXO III

### **Descrición do servizo de dirección na plataforma no manual do aeroporto**

A) Descrición do servizo de plataforma que debe figurar como mínimo no manual do aeroporto:

a) Obxecto do procedemento operacional, incluíndo, ente outros aspectos, todas aquelas funcións concretas que desenvolva o servizo de dirección na plataforma, os procedementos en casos de baixa visibilidade ou condicións adversas, así como os procedementos de interrupción e restablecemento do servizo en casos de emerxencia.

b) Persoal implicado e responsabilidades, describindo, ente outros aspectos, a estrutura organizativa do servizo, os recursos humanos de que estea dotado, as súas responsabilidades, así como doutros implicados e responsables afectados polo servizo de dirección na plataforma.

c) Infraestrutura, equipamento ou instalacións utilizadas, detallando, ente outros aspectos, as áreas de responsabilidade do servizo de dirección na plataforma, con indicación das instalacións e obstáculos identificados nas ditas áreas, así como os datos relativos a equipamentos, sistemas de apoio e frecuencias de radio utilizadas polos implicados e responsables afectados polo servizo de dirección na plataforma. Así mesmo, para efectos de delimitación das áreas de responsabilidade do servizo de dirección na plataforma, incluíranse os planos de delimitación física das áreas de manobras do aeroporto e das áreas de responsabilidade da plataforma.

d) Escenarios e activación do procedemento, desenvolvendo claramente, ente outros, os servizos que se prestan.

e) Relación de normativa aplicable e documentación de referencia tida en conta para a elaboración do procedemento.

f) Descrición da secuencia de actuacións, onde, ente outros aspectos, se describirán detalladamente as actividades e a forma en que se levará a cabo a subministración dos servizos descritos, así como os sistemas e procedementos establecidos para garantir os niveis adecuados de seguridade no aeroporto, no referente á dita prestación e ás actividades do servizo de dirección na plataforma.

g) Relación de procedementos operacionais de menor nivel aplicados no aeroporto que derivan do procedemento en cuestión.

h) Calquera outra información de interese no procedemento, incluíndo, ente outros aspectos, o plan de formación e os procedementos de verificación do cumprimento dos

requisitos de competencia e supervisión periódica do mantemento dos ditos requisitos do persoal.

i) Control e xestión da documentación final.

B) Inclusión do servizo no manual do aeroporto.

1. O xestor da infraestrutura aeroportuaria incluírá a descrición do servizo de dirección na plataforma establecida na epígrafe A) deste anexo, na parte 4 do manual do aeroporto, de conformidade co previsto no artigo 13 do Regulamento de certificación e verificación de aeroportos e outros aeródromos de uso público, nos seguintes termos:

a) Alíneas i), Xestión da plataforma, e j), Xestión da seguridade operacional na plataforma, cando o xestor da infraestrutura aeroportuaria preste directamente o servizo.

b) Alínea r), Coordinación con terceiros (provedores de servizo, compañías aéreas, forzas de seguridade e calquera outro axente cuxas actuacións teñan un impacto na seguridade operacional do aeroporto), cando o xestor da infraestrutura aeroportuaria designe un terceiro para a provisión do servizo de dirección na plataforma.

c) Alínea s), Coordinación entre o xestor certificado ou verificado e os provedores dos servizos de navegación aérea, cando o servizo de dirección na plataforma o subministre o provedor designado para a prestación de servizos de tránsito aéreo de aeródromo.

Os procedementos de interrupción e restablecemento do servizo de plataforma en casos de emerxencia e os procedementos en casos de baixa visibilidade, incluíranse respectivamente nas alíneas c), Plan de emerxencia do aeroporto, e p), Operacións en condicións de visibilidade reducida, da parte 4 do manual do aeroporto.

2. Nos supostos previstos no número 1, alíneas b) e c), a referencia ao contrato suscrito para a prestación do servizo de dirección de plataforma deberase incorporar como anexo ao manual do aeroporto.